

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 3 DE FEBREIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do acordo marco, suxeito a regulación harmonizada, do servizo de elaboración, produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia, tramitado por procedemento aberto e pluralidade de criterios, cun orzamento de licitación, sen IVE, de cinco millóns setecentos catorce mil oitocentos setenta e seis euros con catro céntimos (5.714.876,04€), e un valor estimado de cinco millóns setecentos catorce mil oitocentos setenta e seis euros con catro céntimos (5.714.876,04€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do estado das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero en Galicia no ano 2024.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha nova planta produtiva sustentable, avanzada e automatizada e as súas infraestruturas asociadas no concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña), promovido por Congalsa, S.L.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo, para incrementar o parque de vivenda protexido no dito concello.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Sandiás, para a execución das obras de mellora de servizos e humanización do núcleo de Santa Ana, por un importe de trescentos vinte e dous mil seiscentos quince euros con vinte céntimos (322.615,20 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (Alcer), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por un importe de seiscentos setenta e dous mil oitocentos oitenta euros con oito céntimos (672.880,08 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o impulso da silvicultura produtiva de coníferas e para actuacións silvícolas con obxectivos ambientais e non produtivos en frondosas e na rehabilitación de soutos, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común de España para o período 2023-2027.
- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o impulso da boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da proposta de adxudicación das obras de reforzo e adaptación ao cambio climático do dique de abrigo do porto de Burela, cun importe de adxudicación dun millón oitocentos vinte e sete mil cento cincuenta e sete euros con setenta e cinco céntimos de euro (1.827.157,75 €) IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish – España para a promoción e a mellora da comercialización das especies pesqueiras incluídas no recoñecemento desta organización no ano 2025, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as repotenciacións de parques eólicos en Galicia: contribución aos obxectivos de descarbonización.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a evolución da Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras para o ano 2024.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a execución do programa de endebedamento 2024 e estratexia de financiamento 2025.
- Informe sobre a actualización da Estratexia Galicia Dixital 2030 aos novos escenarios.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da obra de remate da humanización da travesía de Albarellos da OU-143. Monterrei, cun investimento dun millón cincocentos cincuenta e dous mil douscentos oitenta euros con sesenta e cinco céntimos (1.552.280,65€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde de axudas para o impulso da innovación e sustentabilidade do comercio local e artesanal.
- Informe sobre a Orde pola que se aproba o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) para o ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LICITACIÓN DA NOVA CAMPAÑA QUE PROMOVERÁ GALICIA COMO DESTINO ACOLLEDOR

- Autoriza a licitación do servizo para a execución e implementación do plan de medios durante o ano 2025 e os primeiros meses do ano 2026
- Xunto ao impacto autonómico e nacional, terá repercusión internacional e constará de catro vagas para difundir a Comunidade en determinados momentos do ano
- Esta acción de promoción do destino, dotada de 6,9M€, afondará nos recursos turísticos e na faceta acolledora de Galicia, con especial implicación da poboación residente como parte integral do turismo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do servizo de elaboración, produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia, coa cal se busca incentivar a actividade turística galega ao longo de 2025 e comezos de 2026.

Tras os últimos datos turísticos que falan de máis de 8 millóns de viaxeiros aloxados acadados o pasado ano 2024 e con preto de medio millón de peregrinos que fixeron o Camiño de Santiago tamén ese ano, a Xunta de Galicia continúa dando un pulo á mercadotecnia turística coa intención de contribuír á a consolidación do destino Galicia de xeito global, reforzando as accións dun turismo sustentable, diversificado, desestacionalizado nos distintos momentos do ano e nunha clara aposta pola proxección internacional. Un destino que ten moito que contar grazas aos recursos turísticos das cidades e do rural, da costa e do interior en todas as épocas do ano.

Nesta conxuntura, a nova campaña busca acompañar esta positiva evolución do turismo e reivindicar a imaxe de Galicia como unha terra hospitalaria e acolledora, que implica os residentes como parte integral do turismo, seguindo os obxectivos da Estratexia de turismo de Galicia 2030. Ademais, contribuír á difundir a aposta da política turística de Galicia a prol da modernización do sector, a innovación e a consolidación da sustentabilidade integral.

Con estas premisas, a Xunta de Galicia volverá contar cunha campaña de promoción do destino que comezará en marzo de 2025 e terá unha duración prevista de 18 meses. Tendo en conta o período de duración deste acordo marco e dependendo das necesidades de difusión e comunicación, está prevista a realización dun mínimo de catro vagas, de impacto autonómico e nacional, e darase impulso ao mercado internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Serán, en concreto, a promoción turística de Galicia no verán, potenciando o interese turístico de Galicia durante o período estival de 2025, a concienciación e acollida de visitantes, a promoción de produtos turísticos específicos durante o outono e a promoción durante a primavera de 2026. Estas vagas son estimativas, e tendo en conta a súa adaptación ás necesidades de difusión e comunicación concretas.

Cun orzamento de 6,9M€, a adxudicación realizarase mediante procedemento aberto e as vagas incluirán anuncios en televisión, radios, prensa, revistas, edicións dixitais e tamén publicidade exterior. Este acordo marco incluirá os custos da estratexia, investigación, planificación, execución, xustificación e avaliación das campañas en medios de comunicación durante a súa vixencia, así como o custo da adquisición de espazos publicitarios en todos os soportes que se determinen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO NOVO PLAN DE I+D+I, QUE MEDRA UN 20% ATA OS 1.310 M€ CON MEDIDAS PARA ATRAER INVESTIGADORES E QUE A CIENCIA IMPULSE O PROGRESO SOCIOECONÓMICO

- Explica que a iniciativa fixa como ámbitos de alto impacto “a biotecnoloxía, a intelixencia artificial, a cuántica e as tecnoloxías limpas”, nos cales Galicia destaca de xeito especial
- Indica que o obxectivo é “consolidar Galicia como un polo de referencia en investigación e innovación a nivel europeo e global”
- Lembra que Galicia é a Comunidade onde máis medrou o investimento en I+D, un 28%, e o número de traballadores vencellados aumentou un 12% ata os 13.856
- O conselleiro de Ciencia, Román Rodríguez, apunta a que se creará unha fundación “de atracción de talento, que se constituirá este mesmo ano para comezar a funcionar”
- Para intensificar que os resultados da investigación cheguen á sociedade, aplicarase o modelo coñecido como Venture Building, que identifica ideas con gran potencial de mercado e facilita o acompañamento ata a súa consolidación empresarial
- Co fin de que a innovación se expanda a todo o territorio, impulsaranse por primeira vez plans de I+D+i locais, procurando a mellora dos servizos de proximidade
- A Compra Pública Innovadora, onde Galicia é pioneira, ampliarase a novos ámbitos para acelerar solucións que incidan nas persoas e nos servizos públicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación en Consello do “Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, que contará cun investimento de 1.310 millóns de euros, case un 20% máis que o anterior”. O documento, que inclúe numerosas novidades logo dun amplo proceso de participación cos integrantes da I+D+i galega, priorizará a atención en iniciativas de alto impacto para a Comunidade, como “a biotecnoloxía, as chamadas *Deep Tech* (intelixencia artificial e cuántica) e as tecnoloxías limpas”, apuntou. Así mesmo, dúas das principais novidades centraranse na “atracción e retención do mellor talento investigador e en procurar que o resultado do seu traballo chegue á sociedade”, repercutindo positivamente no desenvolvemento económico de Galicia e na calidade de vida da poboación.

Este plan plasma o compromiso do Goberno galego por impulsar a ciencia, un ámbito en que se lograron importantes avances nos últimos anos. De feito, tal e como recordou Rueda, o Instituto Nacional de Estatística (INE) vén de situar Galicia como a Comunidade onde máis medrou o investimento en I+D en 2023, último ano analizado. “É un 28% máis, case o dobre que o conxunto do Estado”, indicou. De igual modo, o número de traballadores dedicados á I+D non deixou de medrar ata as 13.856 persoas, o que representa un 12,2% máis.

Esta nova iniciativa é froito do traballo compartido entre todas as consellerías, representadas na Comisión Interdepartamental de I+D+i, cuxa coordinación se reflicte agora neste documento. O obxectivo da Xunta, indicou o presidente do Goberno galego, é “consolidar Galicia como un polo de referencia en investigación e innovación a nivel

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

européo e global”, fortalecendo o tecido científico e empresarial da Comunidade a través dunha combinación de liñas de traballo que dean continuidade ás de éxito existentes e impulse novas iniciativas para estar á vangarda.

Para iso, o plan permite planificar accións e centrar os esforzos en sectores prioritarios en que Galicia é competitiva a través dunha visión estratéxica. Deste xeito, quérese xerar un impacto económico e social transformador en todo o territorio, ofrecendo novas oportunidades de emprego e o desenvolvemento de capacidades tecnolóxicas para incidir na mellora dos servizos públicos e, en definitiva, da vida dos galegos.

Medidas máis destacadas

Tal e como explicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, o plan establece o talento como pilar imprescindible da I+D+i. Para iso, inclúe medidas dirixidas a captar, reter, atraer e retornar investigadores. “Unha das principais medidas será a creación dunha fundación de atracción de talento, que se constituirá este mesmo ano para comezar a funcionar”, explicou. Permitirá captar profesionais que traballen en calquera lugar do mundo, cos estándares máis altos de calidade e cuxo perfil responda ás necesidades do ecosistema galego de I+D+i en áreas estratéxicas.

Do mesmo xeito, Rodríguez avanzou a continuidade do programa Oportunius logo da “satisfactoria experiencia que supuxo nos últimos anos”. Grazas a esta iniciativa, traballan na Comunidade investigadores que obtiveron unha bolsa ERC, as máis prestixiosas que concede o Consello Europeo de Investigación. Por esta razón, reciben ofertas profesionais de diferentes países, pero Oportunius fai que se decanten por Galicia.

Igualmente, “é imprescindible que os proxectos que se desenvolven nos centros de coñecemento galegos cheguen á sociedade e repercutan positivamente nela”, asegurou. Para trasladar os resultados xerados, está en marcha con éxito o programa Ignicia, que propicia a transferencia destes avances ao mercado. Co novo plan, dáse un salto para impulsar a creación de *startups* derivadas de resultados de investigación. O fin é transformar os avances científicos e tecnolóxicos en oportunidades de desenvolvemento económico e social. Para isto, aplicárase o modelo coñecido como *Venture Building*, testado e recoñecido a nivel internacional, que identifica ideas con alto potencial de mercado e se encarga do seu acompañamento ata a consolidación empresarial.

En terceiro lugar, deseñárase e creárase, en colaboración cos axentes do ecosistema, unha “oficina piloto de valorización do coñecemento na biotecnoloxía para optimizar os procesos de identificación, protección e aproveitamento dos resultados xerados”.

Entre todas as medidas que se porán en marcha no marco do plan, tres ámbitos prioritarios estarán presentes en diferentes instrumentos ao tratarse de eidos de alto potencial e oportunidade para Galicia e nos cales a Xunta quere incidir. Estas son as áreas de biotecnoloxía, as tecnoloxías profundas (intelixencia artificial e cuántica) e as tecnoloxías limpas. Con isto non só se mantén a aposta de Galicia pola excelencia en I+D+i, senón que se introducen iniciativas para adaptarse a un contexto global en constante transformación e, así, asentar unhas bases sólidas para o crecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito de traballo prioritarios

No ámbito da biotecnoloxía, onde se impulsará un polo de investigación e desenvolvemento da biotecnoloxía en Galicia, focalizarase o traballo na medicina xenómica, a creación de novos materiais, a farmacoloxía e a agroalimentación. No caso das denominadas *Deep Tech*, intelixencia artificial e cuántica, Galicia aspira a unha convocatoria europea, co apoio do Goberno central, para crear unha factoría de IA, onde deseñar, probar e implementar solucións que potencien a transformación dixital. Estará vinculada ao Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), que está ampliando as súas infraestruturas cun novo edificio e equipamentos avanzados por valor de 56 M€. Finalmente, o novo plan aposta pola investigación e a innovación para a produción de enerxía limpa, ámbito en que Galicia xa é unha das comunidades líderes en España.

Un dos empeños da nova política da Xunta en materia de ciencia é que a innovación repercuta en todo o territorio galego, tamén nas zonas rurais. Para iso, a Administración impulsará a creación de plans locais de I+D+i. Da man dos concellos, identificaranse necesidades nos servizos de proximidade municipais que poidan mellorar grazas á I+D+i. Nese propósito de que a innovación estea no día a día da cidadanía, fomentárase a Compra Pública de Innovación, na cal Galicia é pioneira e líder en España. Trátase de procesos que aceleran solucións que non están dispoñibles no mercado ou necesitan ser adaptadas. Aos ámbitos en que se viña traballando ata o momento (sanidade, vehículos non tripulados e auga) sumaranse novos ámbitos e temáticas nos vindeiros tres anos.

“En definitiva, estamos ante un plan estratéxico que dá un salto cualitativo e cuantitativo para poñer a ciencia ao servizo de Galicia e para que poidamos afrontar os desafíos do futuro con máis garantías”, asegurou Román Rodríguez.

Máis de 200 persoas na elaboración

A elaboración do Plan de investigación e innovación 2025-2027 iniciouse en xullo de 2024 da man da Comisión Interdepartamental de I+D+i, da cal forman parte todos os departamentos da Xunta a través de 32 representantes. Paralelamente, tamén se fixo un traballo de consulta e colaboración con expertos de recoñecido prestixio e integrantes de toda a cadea de valor da I+D+i para garantir que este documento se adecúe ás necesidades e potencialidades do tecido científico e innovador de Galicia. Máis de 200 persoas participaron no proceso para poder establecer a folla de ruta que cómpre seguir para mellorar a economía, os sectores produtivos, a sociedade e o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DUPLICA NOS ÚLTIMOS ANOS O NÚMERO DE MESAS LOCAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ATA CHEGAR ÁS 112

Algo máis da metade dos concellos forman parte unha mesa local e o obxectivo é seguir ampliando o seu número

O Consello da Xunta deu conta dunha diagnose sobre a situación das mesas locais de coordinación institucional contra a violencia de xénero, realizada pola Consellería de Política Social e Igualdade a través dunha enquisa aos concellos. O estudo conclúe que o número de mesas locais na nosa comunidade se duplicou entre os anos 2016 e 2024, e pasou de 64 a 112.

Na actualidade, algo máis da metade dos 313 concellos galegos forman parte dunha mesa local, en concreto 162. Destes, 97 teñen mesa propia e os restantes participan de forma mancomunada ou agrupada con outros. Así mesmo, o maior número destes órganos concéntrase nas provincias da Coruña e Pontevedra con 42 e 34, respectivamente.

O obxectivo da Xunta é seguir ampliando o número de mesas locais, e con esta finalidade ofrécelles aos concellos un programa de apoio para dinamizar e crear novos espazos que permitan identificar e previr casos de violencia de xénero. Un programa que case o 80% das entidades entrevistadas valoran como moi positivo ou positivo.

A función principal destas mesas interinstitucionais contra a violencia de xénero é coordinar as actuacións dos axentes claves neste ámbito, como son os corpos de seguridade, os servizos sociais, os sectores educativo e sanitario e as organizacións civís. A través delas, ofrécese unha rede de protección máis robusta, unha resposta máis rápida e efectiva, e unha maior conciencia sobre a importancia de previr e erradicar a violencia de xénero na sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DECLARA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO A NOVA PLANTA DE PRODUTOS DO MAR CONXELADOS DE CONGALSA NA POBRA DO CARAMIÑAL

- O proxecto prevé converter a actual nave industrial nunha nova planta máis produtiva, sustentable e avanzada para a transformación, elaboración e comercialización de peixe conxelado e dos seus derivados
- Trátase do décimo cuarto proxecto industrial declarado estratéxico polo Goberno galego e suporá un investimento de 26,3M€ e a creación de 150 novos postos de traballo
- Suma xunto cos anteriores PIE unha mobilización global de máis de 2.400M€ e 4.365 empregos

O Consello da Xunta acordou esta mañá declarar como novo proxecto industrial estratéxico (PIE) a iniciativa impulsada por Congalsa, S.L. para converter a actual nave industrial que ten na Pobra do Caramiñal (A Coruña), para a transformación, elaboración e comercialización de produto do mar conxelado nunha nova planta máis produtiva, sustentable, avanzada e automatizada. O proxecto conta cun investimento de 26,3 millón de euros e permitirá a creación de 150 novos postos de traballo de carácter directo. Este será o décimo cuarto proxecto industrial declarado estratéxico polo Goberno galego que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de 2.400,94 millóns de euros e 4.365 empregos.

A iniciativa impulsada por Congalsa consiste na modificación e adecuación da actual nave industrial que a firma ten no polígono industrial da Tomada, e que conta cunha superficie de 6.260 metros cadrados.

Os traballos desenvolveranse en cinco fases. As tres primeiras comprenden o deseño e a construción da nova nave, así como da nova EDAR xunto coas instalacións técnicas necesarias. A cuarta fase abrangue o deseño, desenvolvemento e posta en marcha das novas liñas produtivas, que mellorarán os procesos actuais mediante reenxeñaría e I+D, con adquisición de nova maquinaria máis eficiente desde o punto de vista enerxético e sistemas de economía circular a través de procesos de valorización. E, por último, a quinta fase implica o deseño, desenvolvemento e posta en marcha de ferramentas dixitais para monitoraxe e control de procesos produtivos, de calidade e rastrexabilidade e control intelixente de consumo enerxético.

As instalacións contarán cun peirao de carga e entrada de materia prima, dunha zona de produción composta de tres liñas independentes, dun almacén de produto terminado en cámara frigorífica a -20°C, dunha zona de descarga de produto terminado e dunha zona de entreplanta para servizos de administración, vestiarios, sala de preparación de rebozados e almacenamento con cámara frigorífica. Así mesmo, destinarase un espazo á recollida de residuos orgánicos e cartón plástico, así como outro espazo independente, exclusivamente para a carga de baterías de carretillas e taller de mantemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto prevé tamén a instalación de placas solares e turbinas eólicas para autoconsumo, que cubrirán unha parte do consumo enerxético da planta, mentres que os residuos orgánicos do procesamento serán reutilizados para producir novos produtos, como alimentos para animais ou compost, e serán implantados sistemas de reciclaxe interna e de redución do impacto ambiental de residuos sólidos e líquidos.

Congalsa, S.L. foi constituída en 1990, especializouse na elaboración de produtos precociñados a base de peixe e ten no seu haber o feito de ser a primeira empresa de alimentación española en dispor do selo EFQM 600, que reconece a xestión excelente, innovadora e sustentable nas organizacións. Na actualidade, fabrica e distribúe produtos de mesturas de peixes e mariscos, como peixe local fileteado, produtos a base de masas, produtos rebozados e empanados de peixe. Conta con 460 empregados e presenta unha facturación de 154 millóns de euros.

A declaración como PiE enmárcase na filosofía do Goberno galego por axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, da creación de emprego. Ademais, o proxecto incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

A iniciativa súmase ás declaracións como PIE de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes de García Rodríguez; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico, así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes de García Rodríguez; á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo; á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro, promovida por Cobre San Rafael; á planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; ao proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center; á planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría; á terminal de almacenamento de betume asfáltico no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos, S.L.U., e á planta para a produción de biometano no polígono industrial de Curtis (A Coruña), impulsada por Norbiogas Biometano I.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACADA SEIS PARCELAS NUNHA PERMUTA CO CONCELLO DE LUGO PARA CONSTRUIR 116 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- O Executivo autonómico autoriza o convenio polo que a Xunta acada solo urbano en 4 parcelas situadas na rúa Paradai de Arriba e outras dúas nas rúas Illa Coelleira e Ángelo Colocci
- Pola súa banda, a Xunta entregará ao Concello de Lugo dúas parcelas no polígono residencial de Lamas de Prado
- O obxectivo do Goberno galego é asinar a colaboración ao longo deste mes de febreiro
- A Xunta mantén a intensidade do traballo para axilizar a construción de vivenda, co compromiso de duplicar ao longo desta lexislatura o parque público residencial, coa construción de 4.000 novas, das cales xa están en marcha 1.700

A Xunta acada seis parcelas na cidade de Lugo para construír 116 novas vivendas de promoción pública (VPP) en tres zonas da cidade.

O Consello da Xunta tomou razón hoxe do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Lugo, polo que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas continuará incrementando o parque de vivenda protexida en Lugo.

A través deste convenio, a Xunta acadará seis parcelas do Concello de Lugo, que pasarán a ser propiedade do IGVS, co fin de edificar vivenda de promoción pública. Destas parcelas, 4 están situadas na rúa Paradai de Arriba e as outras dúas localízanse na rúa Illa Coelleira e na rúa Ángelo Colocci.

E, pola súa banda, a Xunta entregará en propiedade dúas parcelas no polígono residencial de Lamas de Prado, situadas na rúa Ramón Piñeiro.

Unha vez autorizado este acordo, e co remate dos trámites últimos por parte do Concello de Lugo, prevese que a sinatura do convenio se poida realizar neste mesmo mes de febreiro.

Este convenio enmárcase no programa de construción e rehabilitación de vivenda do Goberno galego, co que está a promover VPP nas grandes cidades e a súa área de influencia. Así, na cidade de Lugo están a impulsarse tres proxectos no barrio de Garabolos, onde este mes de xaneiro a Xunta licitou a primeira promoción da Sociedade Pública de Vivenda de Galicia (Vipugal) para 145 novos fogares, e tamén a contratación das obras para a construción de dous grupos que suman un total de 146 VPP.

Ademais das vivendas que o IGVS e Vipugal están promovendo en solo urbanizado de propiedade autonómica, a Xunta mantén negociacións cos concellos das grandes cidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e algúns do seu contorno metropolitano para que estes cedan solo urbanizado para a construción de máis vivendas públicas.

Por outra parte, o Goberno galego continúa inmerso na Estratexia galega de solo residencial, que prevé desenvolver solo para facilitar a construción en Galicia de 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas e 5.000 libres. No caso de Lugo, o ámbito en que se desenvolve a Estratexia é o barrio do Sagrado Corazón, no cal se prevé a urbanización de solo para 1.200 vivendas. Neste momento, a Xunta ten en licitación a redacción do Proxecto de interese autonómico (PIA) para desenvolver este ámbito.


A Xunta mantén a intensidade no empeño de axilizar a construción de vivenda de promoción pública co compromiso de duplicar ao longo desta lexislatura o parque público residencial coa construción de 4.000 novas vivendas. Desta cifra, hoxe xa están en marcha máis de 1.700.

Plano de situación das parcelas obxecto de permuta e ámbito do PIA:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PERMUTA DE PARCELAS CO CONCELLO DE LUGO
E
ÁMBITO DO PIA DE SOLO RESIDENCIAL LICITADO POLO IGVS

-  Parcelas que cede o IGVS
-  Parcelas que cede o concello
-  Ámbito do PIA licitado polo IGVS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O ACORDO CO CONCELLO DE SANDIÁS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DE SERVIZOS E HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO DE SANTA ANA

- As intervencións suporán un investimento que rolda os 325.000 euros e forman parte do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70% do orzamento, que supera os 225.000 euros, e contratará e executará as obras
- O Concello achega o 30% restante, redactará o proxecto e realizará as xestións para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- O Goberno galego aposta polo desenvolvemento dos núcleos rurais como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Sandiás para executar as obras de mellora de servizos e humanización do núcleo de Santa Ana, que suporán un investimento de 322.615 euros.

A intervención obxecto deste convenio da Xunta enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas. Neste caso, o obxectivo é actuar neste núcleo da parroquia de Santo Estevo de Sandiás, que forma parte do contorno de protección de elementos do patrimonio cultural, e inclúe zonas concentradas e unha zona de montes en man común.

O Goberno galego cofinanciará nun 70% estas intervencións -achegará un investimento de 225.830 euros- e contratará e executará as obras.

O Concello de Monterroso achegará o 30% restante do custo das actuacións, 96.784 euros, e redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

As actuacións

Coas obras previstas baixo o convenio autorizado hoxe procederase á renovación e ao soterramento dos servizos urbanos da rede de baixa tensión, a rede de telecomunicacións e a rede de iluminación pública. Así mesmo, está proxectada a reposición dos pavimentos na zona de intervención.


Baixo este acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta de Galicia segue impulsando a continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

outras actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración, como este Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

Plano da zona de actuación obxecto do convenio autorizado hoxe no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL PARA O TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do acordo de colaboración polo que a Administración autonómica achega 672.880 euros para a cobertura dos desprazamentos destes pacientes durante un ano
- Este servizo traslada unha media de 161 pacientes ao mes, realiza 53 rutas e 67.641 quilómetros de media

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (Alcer) para a cobertura do servizo de traslado das persoas afectadas por insuficiencia renal crónica aos centros de hemodiálise da provincia de Lugo.

O obxectivo deste convenio é simplificar as prestacións por desprazamento dos pacientes da rede sanitaria pública na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Así, o Executivo galego achegará unha partida de 672.880 euros para garantir esta cobertura.

O convenio autorizado hoxe terá una duración dun ano contado desde o momento da súa formalización. Poderá ser prorrogado por períodos anuais ata un máximo de 3 anos.

Alcer ten como obxectivo mellorar as condicións de vida do colectivo de enfermos de ril na provincia de Lugo e encárgase, entre outras actividades, da xestión do traslado dos pacientes aos centros sanitarios para recibiren tratamento de hemodiálise.

Deste xeito, os pacientes que precisen acudir aos diferentes centros da provincia para seren tratados con hemodiálise serán trasladados en taxi ou, se así o require a súa condición clínica, en ambulancia.

Con datos do ano 2023, este servizo sanitario traslada unha media mensual de 161 pacientes, realiza 53 rutas e unha media de 67.741 quilómetros cada 30 días.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 15 M€ A FOMENTAR A SILVICULTURA PRODUTIVA DE CONÍFERAS E Á MELLORA AMBIENTAL DE FRONDOSAS E DOS SOUTOS

- O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón destas achegas que prevén dúas intervencións centradas nos investimentos forestais produtivos e non produtivos con obxectivos ambientais que, pola súa vez, inclúen tres liñas de axudas diferentes
- Con esta iniciativa incentivaranse os tratamentos silvícolas que favorezan o crecemento da masa e a obtención de madeira de calidade, entre outros obxectivos

O Consello da Xunta tomou hoxe razón do Proxecto de acordo da Consellería do Medio Rural para o impulso da silvicultura produtiva de coníferas e para actuacións silvícolas con obxectivos ambientais e non produtivos en frondosas e na rehabilitación de soutos. Estas achegas contan cun orzamento bianualizado de 15 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023-2027 e publicaranse previsiblemente no *Diario Oficial de Galicia* o martes 4 de febreiro.

A primeira das intervencións en que se divide esta liña de achegas refírese aos investimentos forestais produtivos a través de actuacións de silvicultura en coníferas. Teñen por obxecto incentivar os tratamentos silvícolas que favorezan o crecemento da masa e a obtención de madeira de calidade, así como fomentar a aplicación dunha silvicultura orientada ao produto que optimice a rendibilidade da madeira mediante o desenvolvemento de técnicas específicas. Neste sentido, melloraranse os resultados económicos globais do aproveitamento de piñeiro a través de aumentos do crecemento, da calidade dos produtos producidos ou de eficiencia na xestión.

Dentro desta liña poderán subvencionarse a roza de penetración, a formulación do informe técnico sobre os rareos ou as operacións de control do aproveitamento e a trituración ou extracción dos restos dos tratamentos, entre outros. Poderán beneficiarse desta liña as agrupacións forestais de xestión conxunta e a persoa silvicultora.

A segunda intervención está centrada nos investimentos non produtivos en actuacións silvícolas con obxectivos ambientais, que inclúe unha liña relativa á silvicultura non produtiva de frondosas. Unha xestión activa desta especie permitirá non só obter produtos directos, senón asegurar os importantes servizos ambientais que as formacións autóctonas proporcionan. Incentivaranse as actuacións de axuda á rexeneración natural de frondosas caducifolias, así como da aplicación dunha silvicultura que favoreza a recuperación das masas existentes co fin de obter un monte ordenado que produza madeira de maior calidade en compatibilidade coa obtención de produtos forestais non madeireiros, afondando na mellora da cadea de valor monte-industria.

Neste sentido, serán subvencionables as actuacións necesarias para a xestión forestal activa das masas de frondosas, polo que se financiará a roza, a formación de guía, a selección de abrochos ou mesmo as desmestas e a extraccións, entre outras cuestións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poderán ser beneficiarias as persoas que sexan titulares dos terreos obxecto da axuda. A segunda intervención prevé unha terceira liña de achegas dedicada exclusivamente á subvención dos tratamentos silvícolas necesarios para a rehabilitación de soutos e a renovación das súas copas. Ao mesmo tempo, todas estas intervencións contribuirán a acadar un monte máis ordenado, incidindo na xeración de emprego neste sector e conseguindo un territorio máis resistente antes os incendios forestais.

Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica"

Esta iniciativa está aliñada coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica". As intervencións destas liñas favorecen o crecemento da masa e a obtención de madeira para pór á dispoñibilidade do mercado materia prima de alta calidade e contribúen a fomentar a aplicación dunha silvicultura activa que favoreza a recuperación de masas existentes e a multifuncionalidade do monte. As achegas enmárcanse tamén noutros plans de apoio ao monte impulsados pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, como a Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas ou o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,39 M€ PARA IMPULSAR E MELLORAR A BOA GOBERNANZA NOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E NOS MONTES DE VARAS

- O Consello do Goberno galego analizou hoxe as actuacións da Consellería do Medio Rural neste ámbito, que permitirán beneficiar 507 expedientes
- O orzamento incrementouse ata chegar a esta cifra debido á elevada demanda das solicitudes recibidas, pondo de relevo o interese e a necesidade das comunidades na adopción de medidas que melloren a súa gobernanza
- A través destas achegas prevese actuar nun total de 3.688 quilómetros, e é a provincia de Ourense a que lidera o número de quilómetros obxecto de actuación, cun total de 1.619,89
- Contando con esta resolución, a Consellería do Medio Rural adxudicou no ano 2024 ordes de axudas bianualizadas por un importe de algo máis de 11 millóns de euros no ámbito forestal

O Consello da Xunta analizou hoxe as actuacións da Consellería do Medio Rural para o impulso da boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, que se resolverán cun orzamento de máis de 2,39 millóns de euros para beneficiar 507 expedientes. Prevese a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para o 10 de febreiro.

Cabe sinalar que estas achegas foron convocadas inicialmente en xaneiro de 2024 cun orzamento de 490.000 euros, para despois aumentar aos máis de 2,37 millóns de euros debido á elevada demanda de solicitudes recibidas, evidenciando o interese e a necesidade das comunidades na adopción de medidas que melloren a súa gobernanza. Poden ser entidades beneficiarias as comunidades de montes veciñais en man común e as xuntas xestoras ou asembleas de copropietarios dos montes de varas. Como actuacións subvencionables destacan as revisións de esbozos das carpetas-ficha e as actuacións para os deslindamentos parciais.

No eido dos montes veciñais en man común aprobouse un total de 504 expedientes, que representan unha consignación económica de 2,37 millóns de euros. A territorialización reflicte unha distribución equilibrada das axudas entre as provincias galegas, cunha lixeira maior concentración en Ourense (177 solicitudes) e Pontevedra (181 expedientes), que suman o 70,23% dos expedientes totais. Estas provincias tamén rexistran os maiores importes asignados e destaca Ourense con máis de 914.500 euros, preto dun 39% da dotación total.

A través destas axudas prevese actuar nun total de 3.688 quilómetros. A provincia de Ourense lidera o número de quilómetros obxecto de actuación, cun total de 1.619,89, mentres que Pontevedra se encontra de novo en segundo lugar, con 1.116,84 quilómetros. Lugo rolda os 780 quilómetros de actuación e na Coruña levaranse a cabo actuacións en 177,49 quilómetros, ao ser a provincia con menor superficie forestal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación cos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, aprobáronse todas as solicitudes presentadas, cunha asignación total de 21.288 euros nas provincias de Lugo -nos concellos de Ribeira de Piquín e Becerreá- e Ourense -no concello de Entrimo-. Cabe sinalar que este tipo de apoio económico representa unha oportunidade significativa para estas comunidades, pois permite avanzar cara a unha maior claridade na delimitación das súas propiedades e cara a unha mellora da gobernanza destes montes, que son parte do patrimonio forestal e cultural galego.

Plan forestal de Galicia

Cómpre lembrar que estas axudas se enmarcan no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España, máis concretamente na compoñente 4, enfocada na Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade, que ten como obxectivo acadar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e reverter a perda de biodiversidade, garantido un uso sustentable dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos.

Ao mesmo tempo, están vencelladas co eixe III da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica. Este plan ten como finalidade adoptar as medidas estruturais e dinamizadoras, para o monte e a propiedade forestal galega, necesarias para procurar unha plena actividade forestal que xere rendas e emprego para o medio rural. Trátase tamén de que contribúa á fixación da poboación no rural, á conservación e mellora do ambiente e ao desenvolvemento socioeconómico sustentable do sector forestal galego na súa incorporación á bioeconomía e á economía circular e ás enerxías renovables.

Outras convocatorias de axudas

As achegas para o impulso da boa gobernanza convocáronse por primeira vez no ano 2021 e, ao igual que este ano, tiveron moi boa acollida e permitiron beneficiar 1.056 comunidades de montes veciñais en man común por un importe de máis de seis millóns de euros.

En prol dunha boa xestión dos montes da nosa comunidade, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal convocou un amplo abano de achegas para favorecerla. Tendo en conta esta resolución, a Consellería do Medio Rural adxudicou no ano 2024 ordes de axudas bianualizadas por un importe de algo máis de 11 millóns de euros. Entre elas destacan achegas para a creación de superficies forestais, para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta e ao asociacionismo forestal ou para o fomento de castiñeiro para froito, que se resolveron recentemente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 1,8 M€ NO REFORZO E ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO DO DIQUE DE ABRIGO DO PORTO DE BURELA

- As obras, que se adxudicarán nos vindeiros días, suporán a achega de 160 bloques de formigón de 3 metros de lado e 56 toneladas de peso para afrontar rebordamentos de onda malia o incremento esperado no nivel do mar
- A actuación beneficiará preto dun centenar de embarcacións con base nun peirao en que a descarga de peixe acada o maior volume de negocio de Galicia, con preto de 60 millóns de euros de venda en lonxa anuais

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, investirá 1,8 millóns de euros nas obras de reforzo e adaptación ao cambio climático do dique de abrigo do porto de Burela, en Lugo. O Departamento autonómico informou hoxe o Consello da Xunta da próxima adxudicación dos traballos nos vindeiros días.

As obras consisten na achega de 160 bloques de formigón de 3 metros de lado e 56 toneladas de peso nas zonas en que se teñen producido desprendementos ou o dique perdeu estrutura por acción do mar e as adversidades climatolóxicas. Os traballos terán un prazo de execución estimado de 22 meses, polo que se prevé que a actuación quedaría rematada a finais de 2026.

A metade dos bloques poderán ser colocados desde terra e para a outra metade será necesaria unha pontona que permita instalalos desde o mar. Para iso empregárase un guindastre de máis de 500 toneladas e unha pontona para mínimo 1.000 toneladas). A achega dos bloques está calculada de xeito que afronte os rebordamentos de onda malia o incremento esperable do nivel do mar debido ao cambio climático, no horizonte 2100.

A actuación mellorará as condicións de traballo dos profesionais que operan nun porto con preto dun centenar de embarcacións censadas, que se sitúa entre os primeiros peiraos de titularidade autonómica en descarga de peixe fresco e cuxo valor de venda é o maior da Comunidade. Así mesmo, redundará nunha mellora das condicións de operatividade para os barcos de mercadorías que cargan e descargan no porto burelao, fundamentalmente madeira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 200.000 € Á PROMOCIÓN E IMPULSO Á COMERCIALIZACIÓN DA QUENLLA, O PEIXE ESPADA E O MARRAXO

O Consello autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e Interfish-España para fomentar o consumo das especies recoñecidas pola entidade e dos produtos do mar en xeral

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, achegará 200.000 euros á promoción e impulso á comercialización da quenlla, o peixe espada e o marraxo. Así se recolle no convenio asinado entre o Departamento autonómico e a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish-España que o Consello da Xunta autorizou esta mañá.

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e Interfish-España para a coordinación de accións de promoción dos produtos pesqueiros e a mellora da comercialización daquelas especies recoñecidas por esta organización, que actualmente son a quenlla, o peixe espada e o marraxo, sen prexuízo da inclusión doutras durante a vixencia do convenio. Para este fin cada unha das partes contribuirá cunha achega de 200.000 euros.

Para o cumprimento do obxecto do convenio recóllense cinco accións específicas: a elaboración dun informe sobre a situación actual do mercurio nos grandes migradores e a incidencia do selenio no seu consumo; a presenza na feira Conxemar 2025; a produción de material de *merchandising* que incentive a defensa das 3 especies obxectivo; a organización de visitas a Galicia de prescritores e prensa especializada que permitan coñecer toda a cadea de valor da pesqueira de palangre de superficie (buques pesqueiro, descargas en porto e instalacións industriais de procesamento), e o desenvolvemento dunha campaña de promoción e incentivo ao consumo das especies obxectivo.

Interfish asume o desenvolvemento destas actividades específicas antes do 30 de novembro de 2025, cando presentará unha memoria descritiva do cumprimento das accións, cuxo fin último é potenciar o consumo destas especies e dos produtos pesqueiros en xeral, coa conseguinte repercusión económica para a pesca de palangre e os profesionais do mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AMBIENTAL Á REPOTENCIACIÓN DE 9 PARQUES EÓLICOS PARA ELIMINAR 286 AEROXERADORES E AUMENTAR NUN 35% A SÚA PRODUCCIÓN DE ENERXÍA RENOVABLE

- Alfonso Rueda explica que o Consello toma razón dun informe sobre os proxectos de eólicos repotenciados que recibiron avaliación ambiental favorable no último ano por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Lembra que "repotenciar consiste en substituír as máquinas instaladas por outras máis modernas e eficientes, de forma que con moitos menos aeroxeradores se poida garantir practicamente a mesma potencia e mesmo incrementar de maneira substancial a produción renovable"
- Os cambios previstos nestes parques permitirán evitar en máis de 100.000 toneladas as emisións anuais de CO₂ á atmosfera, contribuíndo así ao reto da descarbonización e reducindo o impacto sobre o territorio e a paisaxe
- Galicia segue avanzando na transición enerxética e aplica os mesmos criterios que a UE, que considera de interese público superior todos os proxectos de enerxías renovables, tanto os novos como os que supoñan mellorar os xa existentes
- O Goberno autonómico logra reducir os prazos de tramitación de varios anos a só uns meses contados desde o momento da presentación da solicitude

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, lembrou hoxe que o Goberno galego deu luz verde ambiental no último ano aos proxectos de "repotenciación voluntaria de nove parques eólicos", o que se traducirá nunha mellora substancial da súa eficiencia e reducirá á vez o impacto sobre o territorio e a paisaxe. Isto é así xa que suporá "eliminar 286 aeroxeradores (que pasan dos 361 que hai actualmente a 75) e aumentar nun 35% a súa capacidade de produción de enerxía renovable", explicou.

Así se recolle nun informe da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre os proxectos de repotenciación eólica tramitados e que analiza a súa contribución aos obxectivos fixados en materia de descarbonización e transición enerxética.

Todas estas melloras conseguiranse grazas a unha maior eficiencia dos actuais parques, xa que "repotenciar consiste en substituír as máquinas instaladas por outras máis modernas e eficientes, de forma que con moitos menos aeroxeradores se poida garantir practicamente a mesma potencia e mesmo incrementar de maneira substancial a produción renovable", indicou Alfonso Rueda.

De feito, estímase que unha vez realizadas as melloras, estes nove parques eólicos pasarán de xerar 615.000 MWh/ano a 828.000 MWh/ano, o que equivale ao consumo eléctrico de máis de 230.000 familias (máis que a poboación da cidade da Coruña).

En todo caso, estes non serán os únicos beneficios ambientais asociados aos proxectos, xa que, unha vez se executen as repotenciacións solicitadas, os nove parques

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incrementarán en máis de 100.000 as toneladas de CO₂ que se evitan emitir anualmente á atmosfera, é dicir, as mesmas que xerarían 81.000 coches circulando durante un día.

A Xunta continúa avanzando deste xeito no proceso de descarbonización e transición enerxética da Comunidade. E faino, ademais, aplicando o mesmo criterio que a UE, que considera as enerxías renovables de interese público superior —tanto se se trata de proxectos de nova implantación como de melloras para realizar nos existentes— xa que contribúen á loita contra o cambio climático e á seguridade e á saúde das persoas.

Con base nese interese do sector das renovables —e dos eólicos en particular—, e no marco da súa aposta pola simplificación administrativa, o Goberno galego axilizou a tramitación das repotenciacións voluntarias. De feito, desde 2024 os prazos de autorización administrativa acurtáronse considerablemente, que pasan de tardar anos a meses, o que demostra que a Xunta cumpriu co mandato comunitario de axilizar este tipo de procedementos para garantir que non se alonguen máis de dous anos.

Así, tres dos nove parques eólicos con proxectos de repotenciación presentaron as súas solicitudes en decembro do 2023, febreiro de 2024 e marzo de 2024, respectivamente, e recibiron a autorización ambiental da Xunta no prazo dun ano ou mesmo menos.

En todo caso, tras superar os nove proxectos de repotenciación o trámite ambiental, o presidente da Xunta indicou que “catro xa contan coa autorización necesaria para poder iniciar as obras de adaptación, e os outros cinco están pendentes dos últimos trámites, polo que se prevé que queden autorizados nas próximas semanas”.

Ademais, Rueda salientou que a repotenciación “non é nova en Galicia”, facendo referencia a que “cinco parques xa completaron o proceso e lograron reducir nun 80% o número de aeroxeradores” sen mermar a produción de enerxía.

O investimento total previsto nestes nove proxectos acada os 321 millóns de euros e contan cunha subvención de máis de 54,58 millóns procedentes de fondos europeos.

Galicia, líder en redución de emisións netas

Alfonso Rueda lembrou que as emisións netas de gases de efecto invernadoiro en Galicia “que se reduciron en 2022 nun 59,8% respecto a 1990”, ano de referencia para as políticas climáticas a nivel comunitario, un dato que a converte na Comunidade que logrou unha maior redución neste período e que “supera xa o obxectivo marcado pola UE para finais desta década (55%)”.

Ademais, puntualizou tamén que, na actualidade, “case o 45% do consumo enerxético final na Comunidade procede xa de fontes renovables, polo que se cumpre tamén o obxectivo marcado pola directiva comunitaria de cara ao ano 2030, que fixa esta porcentaxe nun mínimo do 42,5%”.

Polo tanto, despois de anos de traballo neste eido, a situación de partida de Galicia para acadar o compromiso de neutralidade climática no horizonte de 2040 —é dicir, unha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

década antes do fixado pola Comisión Europea, tal e como quedará marcado na futura Lei do clima na que traballa a Xunta— é boa.

Non obstante, a economía estase electrificando cada vez máis e o nivel de exigencia en canto aos retos de descarbonización segue subindo. Por este motivo, a situación de bloqueo xudicial que afecta o sector eólico galego compromete a consecución dos obxectivos a medio prazo e, de feito, explica tamén por que Galicia, unha comunidade con excelentes recursos eólicos por todo o seu territorio, pasou de ser líder nacional en canto a potencia eólica instalada a caer ata a cuarta posición.

Pendientes do Tribunal Europeo

Na súa aposta polas enerxías renovables, Galicia necesita incrementar a actual potencia eólica instalada —algo máis de 3.900 MW distribuídos entre 190 parques— para achegarse ao obxectivo de acadar a neutralidade climática no horizonte do ano 2040.

Porén, un total de 98 parques eólicos con autorización por parte da Xunta e cunha potencia de 2.555 MW asociada está afectado no conxunto da Comunidade por recursos xudiciais.

Esta situación ten un impacto directo nos obxectivos galegos de descarbonización, xa que só coa execución dos proxectos actualmente bloqueados se evitaría a emisión de 2,5 millóns de toneladas de CO₂ anuais, é dicir, a cuarta parte das toneladas que Galicia debe reducir para acadar o obxectivo de neutralidade climática.

Neste sentido, cómpre lembrar que o pasado mes de novembro a Xunta decidiu presentarse como parte interesada na cuestión prexudicial que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia elevou ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) con relación á tramitación ambiental dos proxectos eólicos en Galicia, un paso que tamén deu o Goberno central no seu momento para defender a transposición da directiva comunitaria que realizou na súa Lei de avaliación ambiental de 2013.

De feito, a Xunta espera que a resolución se produza o antes posible ao entender que un pronunciamento xudicial da UE clarificaría e axilizaría a implantación dos proxectos paralizados na Comunidade, ademais de evitar que a inseguridade xurídica neste sector se poida estender a outros países con lexislacións sectoriais similares á española.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

NOME	POTENCIA (MW)	N_AEROS ACTUAL	N_AEROS FUTURO
CASTELO REPOTENCIACIÓN	16,5	25	3
CORISCADA REPOTENCIACIÓN	24	40	4
MONTE REDONDO REPOTENCIACIÓN	49,5	66	12
MURAS REPOTENCIACIÓN	47,3	74	11
NOVO REPOTENCIACIÓN	18,75	25	6
SERRA DA PANDA REPOTENCIACIÓN II	18,48	24	8
SOMOZAS REPOTENCIACIÓN	49,95	81	9
SOTAVENTO REPOTENCIACIÓN PARCIAL (repot. de 3,44 MW)	18	25	21
PENA GALLUDA	3,45	1	1
TOTAL POTENCIA	246,5	361	75

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA EN MÁIS DUN 13% O NÚMERO DE BENEFICIARIOS DO PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS COIDADORAS

- Un total de 982 persoas recibiron estas achegas para o pagamento dun servizo de coidado a domicilio, unha praza nunha residencia ou nun centro de día co fin de facilitar a conciliación dos seus coidadores
- O cómputo total das subvencións concedidas superou o millón de euros, un 6,4% máis que na convocatoria anterior

O Consello da Xunta analizou un informe da Consellería de Política Social e Igualdade sobre o programa Respiro Familiar, que ten como obxecto axudar aquelas que teñen persoas con dependencia ao seu cargo a pagar en momentos puntuais un servizo de coidados a domicilio, unha praza nunha residencia ou nun centro de día para facilitarlles a conciliación. O ano pasado, un total de 982 persoas beneficiáronse desta iniciativa, un 13,5 % máis que na anterior convocatoria. Así mesmo, incrementouse o cómputo total das achegas económicas concedidas ata superar o millón de euros, un 6,4 % máis que con respecto a 2023.

A contía das axudas depende da modalidade de *respiro* que elixan as familias. No caso de Respiro en residencias, a axuda máxima é de 1.500 euros anuais por beneficiario para o pagamento de calquera centro residencial da nosa comunidade para persoas con dependencia ante necesidades puntuais dos seus coidadores. Nas modalidades de Respiro en centro de día e de Respiro no fogar, a subvención pode chegar ata os 1.000 euros anuais por beneficiario. No primeiro caso, é para o pagamento dun servizo de atención diúrna e, no segundo, é para a contratación dun coidador no propio domicilio.

A través do programa Respiro Familiar, a Xunta presta apoio ás persoas coidadoras, facilita a conciliación da vida familiar e laboral e garante a atención ás persoas con dependencia. O Goberno galego traballa nestes momentos nunha nova convocatoria de achegas para o actual exercicio de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REDUCIU A SÚA DÉBEDA EN 233M€ EN 2024 E PREVÉ PECHAR O ANO CUNHA RATIO DÉBEDA PIB DO 14,5%

- A prudencia na xestión da débeda permite que o custo medio da carteira de débeda no peche de 2024 sexa do 1,55%
- A Xunta traslada a preocupación polo impacto nas previsións financeiras do atraso no cobramento das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico, que o ano pasado supuxo un sobrecusto de 10M€ en pagamento de xuros

Galicia reduciu a súa débeda en 233 M€ durante o ano 2024 e prevé pechar o ano cunha ratio débeda/PIB do 14,5% o que a sitúa preto dos niveis do ano 2011. Son datos do informe sobre a execución do programa de endebedamento 2024 e estratexia de financiamento 2025 presentado ao Consello de Goberno polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Para logralo, a execución do programa de financiamento rexeráse pola prudencia na xestión da débeda e a diversificación nos provedores e investidores. Como en anos anteriores, o Goberno galego optará por préstamos bilaterais tanto con entidades financeiras como con entidades públicas, así como con emisión de débeda pública.

Estrutura da débeda en Galicia

A estrutura da débeda galega reflicte a prudencia na súa xestión, o que permitiu suavizar o impacto derivado do endurecemento das condicións de financiamento como resposta ás fortes tensións inflacionistas. Iso permitiu que o custo medio da carteira de débeda no peche do ano 2024 fose do 1,55% a pesar do forte incremento que experimentaron os tipos de xuro nos últimos tres anos.

O informe conclúe tamén que o programa de endebedamento de 2024 se executou de acordo co previsto, cunha distribución cauta entre as distintas modalidades de financiamento: emisión sustentable, préstamos BEI e préstamos con entidades financeiras privadas.

Galicia segue, deste xeito, coa liña de financiamento sustentable iniciada no ano 2020 e confirmada no Plan estratéxico de Galicia 2030, que levou á aprobación do novo marco de financiamento o ano pasado, a través do cal a Comunidade avanza no desenvolvemento de investimentos en proxectos beneficiosos para a sociedade e o ambiente.

A pesar dos bos resultados acadados ata o momento, o Goberno galego amosou a súa preocupación polo impacto que poida ter nas súas previsións o atraso no cobramento das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico, que o ano pasado supuxo un sobrecusto de 10M€ en pagamento de xuros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA A ESTRATEXIA GALICIA DIXITAL 2030 CUNHA VINTENA DE MEDIDAS QUE AMPLÍAN OS OBXECTIVOS MARCADOS NO INICIO DA DÉCADA

- Adapta a folia de ruta ás exigencias dos cambios normativos, estratéxicos e tecnolóxicos dos últimos anos
- Prevé novas iniciativas, como a posta en marcha da Estratexia galega do dato, do Plan rexional para a promoción da IA ou un programa de acompañamento ao investimento TIC
- Tras cumprir 8 das 13 metas en tres anos, márcanse retos máis ambiciosos para 2030
- Establece que o 100% dos galegos teñan conexión de 100Mbps, que o 96% teñan competencias dixitais, que o 90% das empresas empreguen a administración electrónica ou que a venda en liña estea presente no 50% do tecido empresarial
- Incorpora novos obxectivos, como que o 45% das empresas faga uso da IA ou que a contribución do sector TIC galego ao PIB supere o 3%

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actualizou a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) para adaptala aos cambios normativos, estratéxicos e tecnolóxicos, tanto a nivel nacional como europeo, que se produciron desde a súa aprobación en decembro de 2020. O proceso de análise e actualización, do que foi informado hoxe o Consello da Xunta, deu como resultado unha redefinición de retos, preto dunha vintena de novas iniciativas e a ampliación dos obxectivos marcados inicialmente.

As medidas propostas artéllanse en torno a catro áreas: gobernanza tecnolóxica, proxectos tractores, empresas e cidadanía. Respecto da primeira das áreas, a actualización da EGD2030 prevé establecer un marco de gobernanza TIC sustentable que dea prioridade aos investimentos en tecnoloxía con impacto no longo prazo; o reforzo da ciberseguridade cun novo modelo de xestión de crises e un protocolo de comunicación de ciberincidentes para a Xunta de Galicia; a posta en marcha da Estratexia galega do dato para optimizar a toma de decisións e o deseño de políticas públicas, así como a elaboración dun Plan rexional para a promoción da intelixencia artificial.

No ámbito dos proxectos tractores, implementárase o Xemelgo dixital da rexión, que permitirá a simulación de escenarios para unha mellor xestión do territorio; avanza cara a unha Administración 100% dixital, universalizando o acceso en liña ás xestións e trámites; promoverase a colaboración no Plan director do sector TIC e impulsárase a candidatura galega para acoller a sede dunha das factorías de IA previstas pola Comisión Europea.

No ámbito das empresas, desenvolveranse programas de formación especializada en tecnoloxías avanzadas para potenciar o talento dixital; adoptaranse medidas para atraer investimento ao sector TIC e potenciarase unha canle de atención integral a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través da Oficina Económica de Galicia. Ademais, impulsarase a dixitalización empresarial dos distintos sectores produtivos.

En canto á cidadanía, impulsarase a capacitación dixital; evolucionarase a Carpeta cidadá da sede electrónica; promoverase unha atención a través de múltiples canles e porase en marcha un Pacto polos dereitos dixitais, un compromiso conxunto entre a Administración e a sociedade civil para asegurar a protección dos dereitos e liberdades das persoas no contorno dixital.

Obxectivos

Tras cumprir, en tres anos, 8 das 13 metas establecidas na EGD2030, reformúlanse os obxectivos marcados para 2030 e incorpóranse outros novos. Así, para 2030 márcase como meta que o 100% da poboación dispoña de cobertura de máis de 100Mbps, que o 96% das persoas conten con competencias dixitais e que, cando menos, o 50% sexan mulleres; que máis do 94% dos galegos e galegas merquen en liña; que o 77,6% das persoas e o 90% das empresas realicen as súas xestións coa Administración en liña, ou que o 35% das empresas tecnolóxicas conten con especialistas en ciberseguridade, IA ou datos.

Entre os novos obxectivos que incorpora a EGD2030, está o de que as empresas que empregan BIG Data superen o 25% e as que empregan IA acaden o 45%; que a contribución do sector TIC ao PIB galego supere o 3% e que a porcentaxe de persoas cun elevado nivel de confianza na internet acade o 22,4%.

Actuacións acadadas

Entre os fitos e actuacións levados a cabo durante estes tres primeiros anos da Estratexia destacan a posta en marcha do III Plan de Administración e Goberno dixital, que posibilitou, por exemplo, a implantación do posto dixital avanzado do empregado público ou que a Chave 365 acadase o millón e medio de usuarios.

Tamén se aprobaron o Marco galego de competencias dixitais e o certificado ComDix que acredita esas competencias e se reformou e ampliou a Rede de aulas CeMIT da Comunidade. Acadouse que o 70% do territorio galego estea cuberto pola rede de vixilancia de espazos forestais e logrouse que o 94,2% dos fogares galegos conten cunha conexión de banda larga. Entre as actuacións avanzadas, o proxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia está xa no Parlamento, só pendente da súa aprobación definitiva.

A EGD2030 foi concibida como un marco vivo e aberto, baseado nun modelo de vixilancia e medición de resultados que permita adaptar as súas medidas á evolución social, económica e tecnolóxica de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ A HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE ALBARELLOS EN MONTERREI, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,5 M€

- O obxectivo é licitar este mes a prolongación do itinerario peonil xa executado anteriormente na OU-143, que percorre o núcleo rural que dá nome á esta travesía que discorre integramente polo municipio, para iniciar a obra no verán
- Executaranse dous novos treitos de senda para habilitar un itinerario peonil continuo, accesible e máis seguro, que acadará ao final unha lonxitude total de máis de 1,1 quilómetros, nesta travesía que pasa tamén pola Vía da Prata do Camiño de Santiago
- Tras a execución das obras tramitarase o cambio de titularidade da travesía en favor do Concello de Monterrei
- O Goberno galego segue apostando pola mellora da mobilidade e da seguridade nas infraestruturas viarias, que favorecen o desenvolvemento económico e social e achegan unha maior calidade de vida á cidadanía

O Consello da Xunta acordou hoxe a contratación das obras que completarán a humanización da travesía de Albarellos, no concello de Monterrei, que suporán un investimento que superará os 1,5 millóns de euros.

Trátase de darlle continuidade ao itinerario de 340 metros de lonxitude da senda peonil, executado anteriormente pola Xunta nesta travesía na estrada OU-143, entre o quilómetro 1+460 e 1+800. Deste xeito, a través deste novo proxecto, executaranse dous novos treitos de itinerario, entre os quilómetros 1+187 e o 1+416, onde conectará coa senda xa existente, e entre o quilómetro 1+728 e o 2+296.

Con esta nova actuación, a Xunta ten como obxectivo último habilitar un itinerario peonil continuo, accesible e máis seguro, ata sumar algo máis de 1,1 quilómetros de lonxitude, nesta travesía do núcleo rural de Albarellos, que discorre integramente polo municipio ourensán, e que pasa pola Vía da Prata do Camiño de Santiago.

O Goberno galego prevé licitar este mes as actuacións de mellora da accesibilidade e a seguridade neste vía, co obxectivo de adxudicar as obras e iniciar as obras no verán para poder rematalas a mediados do vindeiro ano 2026. Os traballos contan cun prazo de execución de 12 meses.

As obras

No deseño da execución do treito de senda peonil entre os quilómetros 1+187 e o 1+416, onde conectará coa senda xa existente, e que continuarán polo treito da OU-143, desde o quilómetro 1+728 ao 2+296, o pavimento da senda terá a mesma cor e acabado que o tramo xa existente, e a anchura será superior a 1,80 metros. Así, a sección tipo contará con carrís de 3 metros e beiravías de 0,20 metros e, onde é posible, aparcamentos de 2,20 metros, ademais das beirarrúas.

Cómpre destacar que na execución da senda, o treito entre o quilómetro 1+728 e o 1+921, a plataforma será única entre peóns e vehículo, con pavimento de formigón en cor e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prioridade peonil, debido á imposibilidade de ampliar o espazo pola existencia de peitorís nunha ponte que salva o cruzamento co río Albarellos.

No marco das obras que se van contratar, inclúese a colocación de novos puntos de luz para a mellora da iluminación en todo o ámbito da actuación, e tamén se renovarán os báculos e as luminarias no treito en que xa se executara a primeira fase, para homoxeneizar toda a senda. En total, instalaranse 39 novas luminarias LED.

Ademais, levarase a cabo a reposición de servizos e a mellora da rede de drenaxe.

Tamén se plantarán, ao igual que na senda executada na primeira fase, dúas especies diferentes de carballo: *Quercus Robur* e *Quercus Pyrenaica*, que se irán alternando entre sobreiras. O proxecto prevé, ademais, a disposición de 15 bancos no ámbito de actuación.

Finalmente, entre os puntos quilométricos 0 e 1+187 levarase a cabo o reforzo do firme xa que, tras a execución das obras, se prevé que se tramite o cambio de titularidade da estrada en favor do Concello, pois esta carece de funcionalidade e está fisicamente desconectada do resto da rede autonómica de estradas. Deste modo, ademais, a entidade local terá competencia para actuar nela, favorecendo a actividade nas marxes da vía.

O Goberno galego segue a traballar na mellora da mobilidade e da seguridade nas infraestruturas viarias, que favorecen o desenvolvemento económico e social e achegan unha maior calidade de vida á cidadanía.

Nas seguintes imaxes amósanse o antes e o despois do itinerario executado e os planos dos treitos das novas actuacións:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Antes e despois da obra, no PK 1+720 da OU-143

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta da actuación en zona con diferenciación de beirarrúa e calzadas



Planta da actuación en zona de plataforma compartida

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA UNIFICA NUNHA ÚNICA CONVOCATORIA CON CASE 4 M€ OS APOIOS Á DIXITALIZACIÓN, MODERNIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DO TECIDO COMERCIAL E ARTESANAL

- Rueda sinala que a Administración autonómica busca “promover o comercio local de proximidade e tamén a cada vez máis puxante artesanía galega” ao tempo que se aposta por unha maior axilización nas tramitacións para maximizar o impacto no sector
- Subliña que a convocatoria establece tres liñas de axudas -compatibles entre si-, orientadas á dixitalización do punto de venda, á mellora da imaxe e eficiencia enerxética do local e ao uso de embalaxes sustentables
- Incrementando a intensidade das axudas ata o 80%, cobre actuacións como a implantación e o mantemento web, márketing dixital, loxística, reformas do espazo comercial, sistemas de eficiencia enerxética ou compra de materiais reciclables
- Esta medida enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que estará rematado este trimestre e co cal a Xunta busca garantir o futuro dun sector prioritario para a economía, o emprego e a vertebración do territorio
- Para seguir potenciando as actuacións a prol do sector impulsadas por Galicia con fondos propios —máis de 10,4M€ en 2024—, a Xunta reclama ao Goberno central acceder a recursos *Next Generation* que o Executivo ten reservados sen executar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe sobre a nova orde de axudas por 3,9 millóns de euros para “promover o comercio local de proximidade e tamén a cada vez máis puxante artesanía galega” unificando nunha única convocatoria os apoios para impulsar “a dixitalización, a innovación e a sustentabilidade” do comercio retalista e dos obradoiros artesanais galegos.

Tal e como explicou o titular do Executivo autonómico, unifícanse por primeira vez estas tres liñas, o que permite avanzar na simplificación administrativa e na axilización das tramitacións co gallo de favorecer actuacións que contribúan á implantación dun modelo de comercio innovador e sustentable nas cidades e vilas galegas.

A través de tres tipos diferentes de axudas —que tal e como explicou o presidente da Xunta son “compatibles entre si”— o obxectivo é apoiar o sector para que se poida adaptar á nova realidade e ás tendencias de consumo a través da introdución de tecnoloxías que lle permitan conectar coas necesidades do cliente, mellorar a imaxe e os equipamentos dos establecementos para consolidar un comercio de proximidade moderno e atractivo e avanzar no compromiso ambiental e na eficiencia de recursos a través do emprego de bolsas e materiais de embalaxe con baixa pegada de carbono, eliminando materiais plásticos e axeitando o tamaño á dimensión dos produtos.

No ano 2024, a través da convocatoria de axudas para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal, beneficiáronse un total de 402 entidades (330 comerciantes retalistas e 72 obradoiros artesanais) por importe de máis de 2 millóns de euros. A eles sumouse o balance da convocatoria de axudas do programa Comercio Circular —agora integrada nesta orde para maior simplificación—,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das cales se outorgaron un total de 303 axudas entre comerciantes retallistas, obradoiros artesanís e centros comerciais abertos, por un importe total de máis de 620.000 euros.

Liñas de apoios

Unha das principais novidades da orde —que se publicará o vindeiro 14 de febreiro no DOG cun prazo dun mes para presentar as solicitudes— é a aposta pola reorganización e sintetización das actuacións subvencionables, co obxectivo de que a tramitación sexa o máis práctica e doada posible. Ademais, increméntase a intensidade das axudas ata o 80%.

A primeira das liñas de apoio previstas, de dixitalización e innovación comercial, inclúe actuacións como a implantación e o mantemento de páxinas web, ferramentas de posicionamento dixital, terminais de autopagamento, xestión de redes sociais ou loxística *e-commerce*, entre outras. A contía máxima de axudas neste punto é de 35.000 euros.

En canto á segunda liña, “busca a modernización do comercio desde o punto de vista das súas infraestruturas”, tal e como apuntou Alfonso Rueda. Cóbreanse obras de acondicionamento e reforma da superficie de exposición e venda, incluíndo a adquisición de mobiliario auxiliar; custos de servizos profesionais para a redacción de proxectos de interiorismo e decoración, así como accións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética. Tamén prevé a adquisición de maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar relacionado coa actividade comercial e artesanal. Neste caso, as axudas poden chegar aos 19.400 euros.

Por último, na liña destinada a “favorecer sustentabilidade ambiental”, considéranse subvencionables as actuacións dirixidas á redución das cantidades de embalaxe mediante a adaptación do seu tamaño á dimensión dos produtos, con investimentos en caixas de cartón ou bolsas de papel 100 % reciclado, recheos para embalaxe, bolsas de tea de algodón, liño ou cânabo 100 %. Neste caso, o investimento máximo subvencionable é de 2.500 euros e a axuda máxima outorgada será de 2.000 euros.

Plan estratéxico de comercio

Esta orde de axudas —simplificada seguindo a mesma filosofía da nova convocatoria de apoios aos autónomos— enmárcase no conxunto de medidas de impulso ao comercio promovidas pola Xunta, implementadas cun investimento á alza para seguir potenciando un sector clave na xeración de emprego e na dinamización das economías locais. Neste marco, o Goberno galego ultima o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que estará rematado neste primeiro trimestre incluíndo unha batería de ferramentas para afrontar os retos deste eido produtivo, tras un proceso participativo e de escoita activa.

Co obxectivo de potenciar todas estas actuacións, financiadas exclusivamente con fondos propios —máis de 10,4 M€ en 2024—, o Executivo autonómico reitera a necesidade de sumar esforzos entre administracións —tal e como xa demandou nunha recente reunión coa secretaria de Estado de Comercio— reclamando que Galicia poida

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acceder a recursos *Next Generation* que o Goberno central reservou e que non está a executar.

Este cofinanciamento permitiría reforzar medidas como o proxecto *Vilas Vivas* —eventos efémeros de dinamización iniciados de xeito piloto en Ribadavia no Nadal— ou a transformación das prazas de abastos en mercados excelentes, e que Galicia seguirá desenvolvendo este ano xunto con outras liñas de actuación, como os bonos Activa Comercio, con 5 M€ consignados nos orzamentos de 2025, para revalidar o éxito dunha medida que na súa última edición mobilizou máis de 22,5 M€ en vendas en toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O ISSGA REFORZARÁ O SEU LABOR DE SENSIBILIZACIÓN EN 2025 A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE 26 CAMPAÑAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E 350 ACTUACIÓNS DE ASESORAMENTO TÉCNICO

- O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre o Plan de actuación 2025 do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), entidade dependente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Diseñado no marco do diálogo social e de xeito transversal dentro da Xunta, incidirá nos sectores de máis sinistralidade, incluíndo como novidade actuacións na industria conserveira, a xestión de residuos e os talleres de reparación de vehículos
- Esta folla de ruta tamén recolle os novos riscos emerxentes derivados da evolución demográfica, tecnolóxica e das novas formas de organización do traballo, con especial fincapé nos riscos psicosociais
- Ademais, por medio da súa oferta formativa, prevé chegar a 4.000 persoas, dando resposta a novidades técnicas e normativas a través de xornadas técnicas e atendendo a aquelas actividades de sectores produtivos con alto risco
- Estas actuacións enmárcanse na Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia Horizonte 2027, que está a desenvolver a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cun orzamento de preto de 56 M€

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre o Plan de actuación 2025 do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), un paquete de medidas que ten como principal obxectivo a redución da sinistralidade laboral a través da eficaz xestión preventiva nos lugares de traballo, atendendo tanto aos riscos novos e emerxentes como aos tradicionais, e acompañando tanto as empresas como a poboación traballadora. O plan abrangue 26 campañas de promoción da prevención e redución da sinistralidade e realizaranse programas específicos e de asesoramento técnico nos lugares de traballo cunha previsión de acadar as 350 actuacións.

Como principais novidades desta anualidade —elaborada en consenso cos interlocutores sociais e coa participación das diferentes consellerías con competencia na materia— poranse en marcha programas singulares de prevención de seguridade e saúde laboral en sectores como a industria conserveira, a xestión de residuos e os talleres de reparación de vehículos. Tamén está prevista a difusión de material técnico para un traballo seguro no eido pesqueiro e a realización de xornadas divulgativas para o marisqueo e as redeiras, xunto cos institutos de Asturias, Cantabria e o País Vasco. En paralelo, seguirase avanzando na prevención de riscos laborais noutras áreas de risco, como a agraria e a forestal.

A planificación prevé, así mesmo, actuacións de mellora da seguridade viaria laboral e no eido dos riscos psicosociais e na promoción da saúde no traballo, principalmente a través do Laboratorio de riscos psicosociais, incidindo en riscos emerxentes derivados da evolución demográfica, tecnolóxica e das novas formas de organización do traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén para este ano está prevista a elaboración da segunda fase do mapa de risco químico en colaboración coas asociacións dos sectores do metal, industria madeireira, reparación de vehículos, xestión de residuos e construción. Habilitarase un portal temático sobre prevención de riscos laborais nos traballos con nanomateriais, con especial atención ao sector da construción e considerando os distintos axentes implicados na prevención, tanto empresariado como persoal traballador, persoal técnico e médico. Finalmente, están previstas campañas de apoio ás pemes para a integración da perspectiva de xénero e da idade.

Eixes e medidas de actuación

O obxectivo deste plan, que se financia cos 7,8 M€ de orzamento con que conta o Issga en 2025 —un 3% máis respecto ao ano anterior— pasa por reducir a sinistralidade laboral en Galicia, mellorar a xestión preventiva e avanzar no benestar laboral. Así, as medidas estrutúranse en seis eixes de traballo, orientados a consolidar o papel do Issga como órgano técnico de referencia en prevención de riscos e promoción da saúde no traballo, a reforzar o seu labor de investigación e colaboración, á posta en marcha de programas por riscos específicos e novos escenarios e tamén por colectivos e sectores, así como os dedicados á formación e ao benestar laboral.

Entre outras medidas concretas, o plan fomentará a participación do Issga en 50 grupos de traballo técnico de carácter autonómico e estatal, e están programadas 600 actuacións do persoal habilitado da entidade para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo. En canto á oferta formativa, preténdese chegar a un mínimo de 4.000 persoas, dando resposta a novidades técnicas e normativas a través de xornadas técnicas e atendendo a aquelas actividades de sectores produtivos con alto risco ou con especiais dificultades, mediante cursos nos distintos concellos, entre outras actuacións.

Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia

A planificación analizada hoxe no Consello da Xunta enmárcase na Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027, que está a desenvolver a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cun orzamento de preto de 56 millóns de euros. O obxectivo é priorizar e concretar as accións que se van desenvolver para acompañar o tecido empresarial e a poboación traballadora nunha mellora da xestión preventiva dos riscos laborais e sumalos á tendencia da promoción da saúde no traballo, incidindo en estilos de vida saudables, cunha visión de saúde integral tamén no ámbito laboral.